MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025



Misela, Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia e Muros

Avenida República Arxentina, 60
Noia (A Coruña)
981.972.822

Misela
ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DAS COMARCAS DE NOIA E MUROS

eduqatia
ISO 9001
838/23
CERTIFICADORA ACREDITADA POR ENAC

INDICE

¿QUEN SOMOS? 2
Misión 3
Visión 3
Valores 3
A ORGANIZACIÓN 4
Órganos de goberno 4
O Equipo 4
Organigrama 5
¿QUE FACEMOS? 6
Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá (EDIAT) 8
RESULTADOS EDIAT 2024 11
Centro de Día Misela 13
RESULTADOS CENTRO DE DÍA 2024 14
Centro Ocupacional Misela 16
RESULTADOS CENTRO OCUPACIONAL 2024 18
Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SPAP) 20
Atención ás familias 20
XESTIÓN 21
Planificación 21
Comunicación 21
Recursos Económicos 22
Financiadores 22
Conta de Resultados 25
Balance 26

¿QUEN SOMOS?

O 16 de xuño de 1993, a raíz da unión de pais dos nenos que acudían ó STAND (Servizo de Tratamentos a Nenos con Discapacidade), do Concello de Noia, constituíuse a **Asociación de Pais do STAND**, coa finalidade de dar ó neno con discapacidade o completo benestar físico, psíquico e social.
Ó longo dos anos, a entidade evoluciona cara á atención das persoas con discapacidade, tanto **nenos** como adultos, a través de servizos especializados.
No ano 2012, para dar un impulso á labor da entidade e aumentar a súa visibilidade social, a Asociación de Pais do STAND cambia de nome, denominándose a partir dese momento **MISELA Asociación de persoas con discapacidade das comarcas de Noia e Muros**.

En 2015 créase un novo servizo para **adultos**, o Centro de Atención á Persoa con Discapacidade en Noia, contando con 15 prazas de centro de día para persoas con discapacidade e 15 prazas de centro ocupacional.

A asociación MISELA é unha entidade sen ánimo de lucro, cos seguintes rexistros e inscricións:

- Inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións con data 28 de outubro de 1993, con número 3465/1ª.
- Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con data 24 de marzo de 1995, con número E-0794.
- Declarada de Utilidade Pública, por orde autonómica do 16 de novembro de 2010.

En 2012 a Asociación Misela obtén o certificado de calidade ISO 9001 (Sistema de Xestión de Calidade).

Os **obxectivos** estatutarios da Asociación son:

- Promover a autonomía e a integración das persoas con discapacidade no ámbito familiar, escolar, social e laboral.
- Potenciar a utilización e a busca dos recursos necesarios para unha mellor atención da persoa con discapacidade ou neno con risco de padecela.
- Prestar asesoramento e atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias ou titores.
- Defender os dereitos do neno e da persoa con discapacidade en xeral.
- Prevención de posibles discapacidades.
- Fomentar a inclusión laboral das persoas con discapacidade.
- Promover a actividade cultural, a práctica deportiva e a actividade física nas persoas con discapacidade.

O ámbito de actuación da Asociación comprende Noia, Lousame, Outes, Porto do Son e Muros, aínda que en casos excepcionais aténdese a persoas con discapacidade procedentes doutros concellos cercanos.

A nivel autonómico, a Asociación MISELA é membro de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade).

Misión

A Asociación Misela é unha entidade privada sen ánimo de lucro que ten como misión promover o desenvolvemento persoal e social das persoas con discapacidade, así como fomentar a participación e o benestar das familias, a través dunha atención individualizada e interdisciplinar dende a infancia, nas comarcas de Noia e Muros.

Visión

Ser unha entidade que actúa de forma responsable, organizada, aberta á comunidade, orientada á calidade e con capacidade de adaptación ó cambio:

- Na prestación de servizos integrais de atención á persoa con discapacidade ou ó neno con risco de adquirila, así como ás súas familias.
- Na loita pola inclusión e a participación efectiva das persoas con discapacidade no ámbito familiar, escolar, social e laboral.



Valores

As accións levadas a cabo pola Asociación Misela, réxense polos seguintes valores:

1- Traballo en equipo
2- Mellora continua
3- Respecto
4- Transparencia
5- Igualdade interseccional
6- Implicación
7- Confianza
8- Proximidade
9- Accesibilidade
10- Inclusión
11- Capacidade de adaptación ó cambio
12- Profesionalidade

A ORGANIZACIÓN

Órganos de goberno

Os órganos de goberno da asociación son a Asemblea Xeral de socios e, na súa representación, a Xunta Directiva:

- **A Asemblea**: está composta por 330 socios e socias, 227 mulleres, 103 homes e 21 empresas asociadas.
- **A Xunta Directiva**: formada de forma maioritaria por familias das persoas usuarias. Reúnese cunha periodicidade de ó menos 2 meses para levar a cabo labores de alta dirección e toma de decisións importantes. Está composta por:
    - Presidenta: Mª Carmen Hermida Santamaría
    - Vicepresidenta: Mª Begoña Martínez García
    - Secretaria: Mª Oliva Filgueira Peña
    - Tesoureiro: José Barrio Guldrís
    - Vogais: Noemí Rodríguez Calvo, Mª Dolores García Hermida, María del Sol Cespón Carnota, Mª José Abuín Martínez e María do Mar Caamaño Valle.

O Equipo



Ó longo de 2025 o Equipo Misela estivo formado por unha media de 18 persoas. O equipo traballa cun enfoque interdisciplinar para dar cumprimento á nosa misión, compartindo os valores da entidade como base fundamental. Este equipo de persoas está formado por 1 directora técnica, 2 psicólogos, 2 terapeutas ocupacionais, 2 fisioterapeutas, 1 mestra, 1 educadora social, 2 integradoras sociais, 4 coidadoras, 2 administrativos e 1 condutor.



Organigrama



¿QUE FACEMOS?

A nosa actividade céntrase na prestación de servizos e estes están baseados na seguinte metodoloxía de actuación:

- Valoración do usuario.
- Elaboración dun Plan Individualizado (PI), no que se propoñen os obxectivos da atención, divididos en tres áreas: atención directa co usuario, atención á familia e relación co entorno. Tamén se propoñen as accións e recursos para acadalos.
- Posta en marcha do PI, a través das diferentes actividades de cada servizo.
- Seguimento do PI, para ver o estado dos obxectivos planificados e, se é necesario, introducir cambios nas accións, nos recursos empregados, etc.
- Avaliación final de obxectivos, que servirá de punto de partida para elaborar un novo PI.





No seguinte mapa móstranse os procesos estratéxicos, esenciais e de apoio do noso sistema de xestión:


SATISFACCIÓN
PROCESOS ESTRATÉXICOS
Xestión de Persoas
Selección e incorporación
Comunicación interna
Satisfacción do persoal
Formación
Xestión laboral
Xestión de alumnos en prácticas
Xestión de Calidade
Auditorías internas
NWCE. Incidencias e propostas de mellora
Satisfacción dos clientes
Planific. e seguimento operacional
Revisión polo Dirección
Planificación
Contexto da organización
Estratéxica e Obxectivos Calidade
Por áreas e servizos
Recursos
Xestión de riscos e oportunidades
Comunicación
Campañas de comunicación: socios, colaboradores, institucións, entidades, redes sociais, etc.
Relación cos medios de comunicación
Captación de Financiamento
Planif. necesidades captación
Captación de fondos:
- Financiamento propio
- Financiamento allleo
PROCESOS ESENCIAIS
Saída
Avaliación
Seguimento de obxectivos
Avaliación final do PI
EDIAT Intervención
Atención individualizada
Programa de Transición á Vida Adulta
Asesoramento en adaptación funcional do entorno e produtos de apoio
Centro de Día e Ocupacional Desenvolvemento do PI
Formación Básica e Instrumental
Actividades e programas
Mantemento e/ou Rehabilitación
Formación Profesional (AD en CD)
Atención ás familias
Atención individualizada
Actividades grupais: formación, ocio, etc.
Seguimento (EDIAT)
Citas de seguimento
Orientación, derivación
Plan Individualizado
Valoración
Elaboración do PI
Posta en común co usuario e/ou familia
Información e admisión
Información inicial
Valoración inicial
Admisión
PROCESOS DE APOIO
Xestión Legal e Xeral
Estatutos, XD e Asemblea de Socios
Rexistros e inscricións
Seguros e requisitos legais
Xestión económico-administrativa
Control económico e Contas Anuais
Xestión de cobros e pagos
Xestión de compras e proveedores
Proveedores
Compras e contratacións
Servizos complementarios
Comedor
Transporte
Xestión de Medicación
Mantemento e limpeza
Mantemento
Limpeza
Control de documentación
Control de documentos
Control de rexistros
NECESIDADES

A Asociación Misela prestou no ano 2025 os seguintes servizos de atención á persoa con discapacidade:

1. EDIAT (Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá)
2. Centro de Día Misela
3. Centro Ocupacional Misela
4. Servizo de Promoción da Autonomía Persoal
5. Actividades comúns ós servizos: Atención ás familias

Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá (EDIAT)

O primeiro servizo que se creou na Asociación foi o Servizo de Fisioterapia, en 1995, dirixido a nenos de 0 a 16 anos. En 2005, coa incorporación da figura do terapeuta ocupacional, créase o **Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá (EDIAT)**, que presta apoio especializado ó desenvolvemento dos nenos e nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou risco de padecelo, ás súas familias e ó entorno.

Desde ese momento, o EDIAT da Asociación Misela ven prestando os seus servizos a dous grupos de atención, distribuídos segundo a idade:

- 0-6 anos: nenos con trastornos no seu desenvolvemento, ou risco de padecelo, e as súas familias.
- 6-16 anos: nenos con discapacidade recoñecida legalmente (certificado de discapacidade) e as súas familias. Se non teñen certificado de discapacidade, oriéntase no xeito de obtelo.

En outubro de 2022, o Concello de Noia, como representante da Agrupación de Concellos de Noia, Lousame, Muros, Outes e Porto do Son, contrata os nosos servizos para desenvolvelos no SAT (Servizo de Atención Temperá) público, en concreto de Fisioterapia e Terapia Ocupacional. Así, os nenos e nenas con necesidades de apoio nestes ámbitos poden acceder a unha atención globalizada e interdisciplinar de forma gratuíta.



Polo tanto, as nosas profesionais destas disciplinas intégranse a xornada parcial no equipo de profesionais do SAT, e o grupo de atención de Atención Temperá que atendíamos na Asociación Misela trasládase ó SAT.

Desta maneira, os datos expostos na memoria de 2025 só se refiren ós actuais usuarios do EDIAT Misela, e que son os nenos e nenas con idades comprendidas entre 6 e 16 anos.

A **atención** que se presta dende o EDIAT inclúe:

- Atención individualizada de fisioterapia, terapia ocupacional, psicoloxía e outras intervencións.
- Programa de transición á vida adulta.
- Asesoramento en adaptación funcional do entorno e produtos de apoio.
- Atención ás familias.
- Coordinación e derivación a profesionais de Educación, Sanidade e Servizos Sociais.
- Seguimento

1. ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA: inclúe intervencións de fisioterapia, terapia ocupacional, psicoloxía e outras. As sesións poden ser individuais ou grupais, e a metodoloxía empregada nas mesmas, así como a súa duración e frecuencia, dependen das características de cada neno e dos obxectivos específicos da intervención planificada.



2. PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á VIDA ADULTA (PTVA): programa destinado a adolescentes de entre 14 e 16 anos, dirixido a enfocar a transición dende o noso servizo a outros recursos públicos ou privados, apoiando e preparando ó usuario e á súa familia para o proceso de saída.

3. ASESORAMENTO EN ADAPTACIÓN FUNCIONAL DO ENTORNO E PRODUTOS DE APOIO: é importante destacar a necesidade de mellora dos espazos nos que o neno desenvolve as súas actividades, para proporcionar un recurso indispensable que favoreza a independencia e autonomía persoal dos nenos. Desde o EDIAT realízanse visitas domiciliarias e escolares, para valorar in situ a necesidade e a posibilidade de realizar unha adaptación funcional dos ámbitos onde o neno pasa a maior parte do seu tempo. Coa información recollida nas visitas realizarase o asesoramento oportuno, que inclúe as medidas a tomar, os recursos necesarios e información sobre materiais, dispositivos, custos, empresas, etc. Realízanse ademais tarefas de valoración e asesoramento sobre a necesidade e forma de utilización de produtos de apoio coa intención de mellorar a independencia do neno.

4. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS: A atención ás familias inclúe diversas accións:
   - Atención individual: consta de atención psicolóxica, entrevistas, orientacións, asesoramento e apoio, en función das necesidades da familia, así como da intervención planificada para o neno.
   - Derivación a outros profesionais, cando se valore que a familia necesita unha atención que non se pode ofrecer desde o servizo.
   - Outras actividades: trátase de accións xerais para todas as familias da asociación (accións formativas e divulgativas, ocio, etc.). *Ver Atención ás Familias.*

5. COORDINACIÓN CO ENTORNO: resulta necesario establecer unha adecuada coordinación cos servizos e profesionais que están en contacto co neno e a súa familia: educación, sanidade, servizos sociais, etc., así como con outros recursos do entorno, relacionados especialmente co ocio (ludotecas, actividades extraescolares, etc.), a través de reunións ou doutras formas de contacto (teléfono, mail, informes). Tamén realizamos derivacións a diversos servizos, cando non podemos dar resposta ás necesidades do neno ou da familia.

6. SEGUIMENTO: En ocasións, existen casos nos que non se realiza unha intervención especializada, ben porque non é necesaria, ben porque non é posible: longos desprazamentos, situación laboral da familia, etc. A través de citas periódicas, de frecuencia variable segundo o caso (mensuais, trimestrais, etc.), efectúanse revisións do estado do neno, e propóñense orientacións para apoiar a súa evolución.





RESULTADOS EDIAT 2025

1. USUARIOS

1.1. Concellos e idades

No ano 2025 houbo un total de 34 nenos e nenas usuarios no EDIAT, coa seguinte distribución en canto a concello de procedencia:



1.2. Atención recibida





Foron en total 23 nenos e 8 nenas en intervención, 2 nenos e 1 nena en seguimento.

1.3. Entradas e saídas no servizo

No ano 2025 entraron no servizo 3 nenas e nenos e houbo 3 saídas de persoas usuarias que pasaron a unha escolarización completa en centros de educación especial.

2. EFICACIA DA INTERVENCIÓN

A eficacia do tratamento que prestamos ós nosos usuarios ven reflectida no cumprimento dos obxectivos dos Plans Individualizados. No ano 2025, avaliáronse 12 Plans Individualizados (o resto seguen en execución), coa seguinte distribución de cumprimento de obxectivos:



De maneira que o 91,67% dos PIs avaliados tiveron o 60% de obxectivos cumpridos, como mínimo.

3. SATISFACCIÓN DE USUARIOS E FAMILIAS

En canto ós nenos e nenas, a un 57,14% gústalles asistir ós servizos segundo os resultados dos cuestionarios.

No referente ás familias, os resultados obtidos nos cuestionarios de satisfacción amosan a nivel xeral:

- O 92,30% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que recibe o seu fillo.
- O 76,92% das familias están moi satisfeitas coa atención que reciben elas.

Centro de Día Misela

O Centro de Día Misela inicia a súa actividade o día 1 de setembro de 2015. Este encóntrase ubicado na rúa República Arxentina de Noia, e conta cun total de 15 prazas homologadas.
Este servizo ofrece atención diúrna a persoas con discapacidade, con necesidades de apoio extenso e xeneralizado.

Os profesionais que desenvolven as actividades no centro son: unha psicóloga, unha mestra de educación especial, unha fisioterapeuta, unha terapeuta ocupacional, unha educadora social, dúas integradoras sociais, catro coidadoras e un condutor.

A atención que se presta dende este centro inclúe:



1.- Área de información, valoración, seguimento e orientación, que inclúe as seguintes prestacións:

- Servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación.
  - o Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios.
  - o Programa de atención individual (PI).
  - o Seguimento e avaliación do PI.
- Servizo de información, orientación e formación a familiares.
  - o Acollida e valoración de necesidades da familia.
  - o Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios.
  - o Plan de apoio familiar.
  - o Seguimento e avaliación do plan de apoio familiar

2.- Área de formación básica e instrumental, que integra a asistencia e o fomento na autonomía nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria:

- Actividades básicas: aseo, alimentación, vestido, control e administración da medicación, previa prescrición médica do facultativo que terá que ser facilitada ao centro por parte da persoa usuaria ou da súa familia, xunto cos respectivos medicamentos, etc.
- Actividades instrumentais: coidado do fogar, realización de compras, coidado da saúde, preparación de comidas, etc.

3.- Área de actividades e programas, nesta área inclúense actividades e obradoiros diversos como:

- Actividades de ocio e tempo libre: programa de autoxestores de ocio, excursións, talleres temáticos, actuacións, participación en xornadas, etc.
- Actividades deportivas: multideporte, zumba, etc.
- Obradoiros temáticos e de formación.

4.- Área de mantemento e/ou rehabilitación: Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Atención Pedagóxica, Psicomotricidade e Atención psicolóxica.



5.- Área de servizos xerais.

- Manutención e dietas especiais. O centro contará con menús supervisados por un técnico en dietética ou nutrición, a fin de garantir ás persoas usuarias o aporte dietético e calórico axeitado.
- Limpeza e mantemento.
- Xestión e administración.
- Supervisión e vixilancia.

RESULTADOS CENTRO DE DÍA 2025

1. USUARIOS

1.1. Perfil dos usuarios

Durante o ano 2025 houbo un total de **16** persoas usuarias no Centro de Día Misela. Nas seguintes táboas e gráficos observamos a distribución de usuarios:





A nivel de xénero observamos que asisten ó servizo o mesmo número de mulleres que de homes, e a maioría proceden do concello de Noia.

1.2. Atención recibida

Ademais do indicado nas áreas do servizo, de forma máis específica podemos destacar actividades como adestramento deportivo, Xardinería Terapéutica, Bó Lombo, autoxestores de ocio, zumba, estimulación sensorial, etc.

1.3. Entradas e saídas no servizo

Durante o ano 2025, producíronse dúas saídas do servizo, unha por defunción e outra por cambio de domicilio a outra comunidade. Por outro lado, incorporáronse ó mesmo 2 persoas usuarias novas.

2. EFICACIA DA INTERVENCIÓN

A eficacia do tratamento que prestamos ós nosos usuarios ven reflectida no cumprimento dos obxectivos dos Plans Individualizados. No ano 2025, avaliáronse 6 Plans Individualizados (o resto seguen en execución), coa seguinte distribución de cumprimento de obxectivos:



De maneira que o 33,33% dos PIs avaliados tiveron o 60% de obxectivos cumpridos, como mínimo.

3. SATISFACCIÓN DE USUARIOS E FAMILIAS

Segundo os cuestionarios de satisfacción que cubriron as persoas usuarias, o 85,71% das persoas usuarias están moi satisfeitos no centro e o 100% están moi satisfeitos coas persoas que os atenden.

En canto ás familias, os resultados obtidos nos cuestionarios de satisfacción amosan a nivel xeral:

- O 100% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que recibe o seu fillo ou familiar.
- O 100% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que reciben elas.

Centro Ocupacional Misela

Coa apertura do novo Centro de Atención á Persoa con Discapacidade o día 1 de setembro de 2015, tamén se crea o Centro Ocupacional Misela. Conta cun total de 15 prazas homologadas.

Este servizo está dirixido a persoas con discapacidade con necesidades de apoio intermitente, e/ou en situación de dependencia, que precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, social, terapéutico e ocupacional. A atención céntrase no apoio ó desenvolvemento das ABVD e AIVD, na promoción da súa saúde, no desenvolvemento de actividades no entorno e en programas de formación e preparación prelaboral e ocupacional.

Céntrase por un lado, na atención integral da persoa con discapacidade, tendente a promoción da súa vida autónoma e a normalización das súas condicións de vida, e por outro lado na adquisición de coñecementos no ámbito ocupacional ou prelaboral tendentes a facilitar a súa inclusión social e laboral.

Os profesionais que desenvolven as actividades no centro son: unha psicóloga, unha mestra de educación especial, unha fisioterapeuta, unha terapeuta ocupacional, unha educadora social, dúas integradoras sociais, catro coidadoras e un condutor.

A atención que se presta desde este centro inclúe:

1.- Área de información, valoración, seguimento e orientación.

- Servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación.
  - Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios.
  - Programa de atención individual (PI).
  - Seguimento e avaliación do PI.
- Servizo de información, orientación e formación a familiares.
  - Acollida e valoración de necesidades da familia.
  - Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios.
  - Plan de apoio familiar.
  - Seguimento e avaliación do plan de apoio familiar.



2.- Área de formación básica e instrumental: asistencia e promoción da autonomía nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

- Actividades básicas: aseo, alimentación, vestido, control e administración da medicación, previa prescrición médica do facultativo que terá que ser

facilitada ao centro por parte da persoa usuaria ou da súa familia, xunto cos respectivos medicamentos, etc.

- Actividades instrumentais: coidado do fogar, realización de compras, coidado da saúde, preparación de comidas, etc.

3.- Área de actividades e programas.

- Actividades de ocio e tempo libre: programa de autoxestores de ocio, excursións, talleres temáticos, actuacións, participación en xornadas, etc.
- Actividades deportivas: multideporte, zumba, etc.

4.- Área de formación profesional:

Servizos de formación para o emprego:

- Desenvolvemento e mellora das habilidades adaptativas (axuste persoal e social).
- Formación prelaboral.
- Formación práctico- laboral e/ou ocupacional e/ou emprego con apoio.





5.- Área de mantemento e/ou rehabilitación: Terapia Ocupacional, Atención Pedagóxica, Fisioterapia, Psicomotricidade, Atención psicolóxica.

6.- Área de servizos xerais.

- Manutención e dietas especiais. O centro contará con menús supervisados por un técnico/a en dietética ou nutrición, a fin de garantir ás persoas usuarias o aporte dietético e calórico axeitado.
- Limpeza e mantemento.
- Xestión e administración.
- Supervisión e vixilancia.

RESULTADOS CENTRO OCUPACIONAL 2025

1. USUARIOS

1.2. Perfil do usuario

Durante o ano 2025 houbo un total de **15** persoas usuarias no Centro de Ocupacional Misela. Nas seguintes táboas e gráficos observamos a distribución de usuarios:





No ano 2025, o perfil maioritario foi a usuaria procedente de Noia.

1.3. Atención recibida

Ademais do indicado nas áreas do servizo, de forma máis específica podemos destacar actividades como adestramento deportivo, lingua de signos, Bó Lombo, autoxestores de ocio, Horta, Voga-Voga (planta de prototipado de plástico ubicada no Freixo), etc.

1.4. Entradas e saídas no servizo

Durante o ano 2025 non existiron saídas no servizo e tivemos unha entrada no mesmo.

2. EFICACIA DA INTERVENCIÓN

A eficacia do tratamento que prestamos ós nosos usuarios ven reflectida no cumprimento dos obxectivos dos Plans Individualizados. No ano 2025, avaliáronse 5 Plans Individualizados (o resto seguen en execución), coa seguinte distribución de cumprimento de obxectivos:



De maneira que o 100% dos PIs avaliados tiveron o 60% de obxectivos cumpridos, como mínimo.

3. SATISFACCIÓN DE USUARIOS E FAMILIAS

Segundo os cuestionarios de satisfacción que cubriron as persoas usuarias, un 71,43% están moi satisfeitos no centro e o 85,71% indican que están satisfeitos coas persoas que os atenden.

En canto ás familias, os resultados obtidos nos cuestionarios de satisfacción amosan a nivel xeral:

- O 92,86% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que recibe o seu fillo ou familiar.
- O 92,86% das familias están satisfeitas ou moi satisfeitas coa atención que reciben elas.

Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SPAP)

Este servizo foi creado en outubro de 2009, co obxectivo de ofrecer atención especializada a persoas en situación de discapacidade e/ou dependencia maiores de 16 anos e que non asisten a ningún tipo de centro especializado. Durante este ano 2025, o servizo dispuxo dunha Fisioterapeuta.

A **atención** que se presta desde este servizo inclúe:

- Atención individualizada de fisioterapia. Lévanse a cabo sesións individuais ou en pequeno grupo de 45 minutos ou unha hora de duración.
- Actividades de coordinación entre os profesionais, que se realiza principalmente a través de reunións periódicas de equipo. Tamén se levaron a cabo entrevistas cos servizos externos que pertencen o entorno social dos usuarios (educación, sanidade...).
- Atención ás familias. Atención individual ás familias e actividades grupais.

RESULTADOS 2025

Durante o 2025 o servizo estivo funcionando dende xaneiro ata decembro.
O número total de beneficiarios foi de **3** persoas en situación de dependencia que residen no ámbito de actuación da Asociación.

Atención ás familias

Habitualmente as actividades para familias divídense nos bloques seguintes:

- **Tempo de Lecer**: estas actividades están dirixidas a fomentar a unidade e o disfrute do tempo libre de pais, familiares e profesionais da entidade. Durante o 2025 leváronse a cabo as seguintes actividades:
    - Celebración do Entroido para as familias do Centro de Día e Ocupacional.
    - Reunión coas familias de Centro de Día e reunión coas familias de Centro Ocupacional.
    - Xornadas Náuticas para as familias do EDIAT.
    - Comida en Broña para as familias da Asociación Misela.
    - Formación Apálpate para a prevención do cancro de mama.
    - Charla sobre o Testamento Vital.
    - Charla sobre a Epilepsia.
- **Atención individual ás familias**: inclúe diversas accións como entrevistas e asesoramento individual, atención psicolóxica e/ou reunións grupais. Leváronse a cabo de forma regular e o contacto e o apoio á familia foi continuo.

XESTIÓN

Planificación

A planificación da Asociación Misela baséase nos obxectivos estratéxicos establecidos no **Plan Estratéxico** vixente durante os anos 2025-2028. Este Plan inclúe unhas accións enmarcadas en cada obxectivo estratéxico as cales están levándose a cabo.

No marco deste Plan Estratéxico e dos resultados da revisión pola dirección 2025, planificáronse catro Obxectivos de Calidade 2025. Estes obxectivos foron os seguintes:

- **Mellorar a comunicación interna no seo do equipo: ACADADO**
- **Visibilizar a transformación dos residuos que se levan a cabo en Voga-Voga: ACADADO**
- **Mellorar a oferta de actividades grupais no EDIAT: NON ACADADO**
- **Facilitar a integración dos equipos nas actividades de sensibilización na comunidade: ACADADO**

Comunicación

Rematado o ano 2025 observamos que a comunicación da entidade centrouse en 5 temáticas establecidas segundo os nosos grupos de interese: a comunidade, os socios, os financiadores, Administracións Públicas e outras entidades e a visión na web. Cada unha destas temáticas, constitúe un bloque de planificación a través das Campañas de Comunicación. O 80% destas campañas de comunicación contou no 2025 con ó menos o 80% de accións realizadas.

Ademais dende a Asociación Misela leváronse a cabo diferentes campañas de sensibilización ó longo do ano, ás que se poden ter acceso a través das nosas redes sociais:

Facebook: https://www.facebook.com/miselanoia

Instagram: https://www.instagram.com/asociacionmisela/

Páxina web: http://misela.es/

Recursos Económicos

Financiadores

ACTIVIDADES E PROGRAMAS			
ORGANISMO	OBXECTO	IMPORTE CONCEDIDO	IMPUTADO EN 2025
XUNTA DE GALICIA – GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL	(Programas de Cooperación) TR352A-2023-00000017-00: Atención á persoa con discapacidade	32.866,08€	846,69€
XUNTA DE GALICIA – GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL	(Programas de Cooperación) TR352A–2024/00000021-00: Atención á persoa con discapacidade	15.868,44€	14.855,29€
XUNTA DE GALICIA – GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL	(Programas de Cooperación) TR352A 2025/00000013-00: Atención á persoa con discapacidade	16.578,12€	1.334,64€
XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE; COGAMI CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	IRPF 0,7% 2024: Programa de atención temperá e discapacidade infantil	30.000,00€	30.000,00€
Deputación DA CORUÑA	FOAXE-P 2025: Programa de Atención Especializada para nenas e nenos con discapacidade. 66,67% de financiamento do programa.	21.600,00€	21.600,00€
XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE; COGAMI CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	Servizo de desenvolvemento do Servizo multidisciplinar de apoio para persoas con discapacidade	11.500,00€	11.500,00€

Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia: Costa Sostible XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR Cofinanciado pola Unión Europea Aula Sostible do Freixo	**Ampliación de actividades da Aula Sostible do Freixo**	**83.172,60€**	**Ano 2024: 56.593,32€** **Ano 2025: 26.579,28€**
Fundación "la Caixa"	**Colaboración da Oficina de Noia para Programa de estimulación sensorial**	**5.000,00€**	**5.000,00€**
Fundación "la Caixa"	**Proxecto Voga-Voga**	**29.205,00€**	**Ano 2025: 7.301,25€** **Ano 2026: 21.903,75€**
Fundación ONCE	**Plan de Prioridades de COCEMFE, a través da FUNDACIÓN ONCE 2024: Programa de Talleres Ocupacionais**	**12.000,00€**	**Ano 2024: 11.100,39€** **Ano 2025: 899,61€**
CONCELLO DE NOIA	**Atención a persoas con discapacidade**	**15.000,00€**	**15.000,00€**
CONCELLO DE LOUSAME	**Programa de Ocio 2025**	**2.000,00€**	**2.000,00€**

Concello de Outes	**Equipamento para profesionais e persoas usuarias**	**1.000,00€**	**1.000,00€**

Conta de Resultados

Anexo 1.2

ASOCIACION MISELA CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA DE PEME SFL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO	NOTAS DA MEMORIA	(Debe)Haber 2025	(Debe)Haber 2024
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	13	**338.896,58**	**347.239,16**
a) Cotas de afiliados e asociados		7.997,00	7.182,00
b) Aportacións de usuarios		125.013,00	113.285,29
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		70.857,15	58.782,09
d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio	14	135.029,43	167.989,78
e) Reintegro de axudas e asignacións			
2. Vendas e outros ingresos da actividade mercantil		**310.205,57**	**273.578,21**
3. Gastos por axudas e outros		**-26.942,00**	**-29.500,83**
a) Axudas monetarias		-26.925,36	-29.357,98
b) Axudas non monetarias		0,00	-140,76
c) Gastos por colaboracións e de órgano de goberno		-16,64	-2,09
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados			
4. Variación de existencias de productos rematados e en curso de fabricación			
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo			
6. Aprovisionamentos.	13	**-57.455,45**	**-52.868,98**
7. Outros ingresos da actividade		**20,80**	**6,00**
8.Gastos de persoal	13	**-484.509,74**	**-408.992,68**
9. Outros gastos da actividade	13	**-61.298,39**	**-61.500,10**
10. Amortización do inmobilizado	5	**-53.693,28**	**-56.786,76**
11. Subvencións, doazóns, e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio	14	**45.772,18**	**48.649,87**
12. Exceso de provisións			
13. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmobilizado e outros rtdos		**-140,70**	**9,00**
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE	3	**10.855,57**	**59.832,89**
14. Ingresos financeiros		**0,62**	**0,00**
15. Gastos financeiros		**0,00**	**0,00**
16. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros			
17. Diferenzas de cambio			
18. Deterioro e resultado por enaxeancións de instrumentos financeiros			
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**0,62**	**0,00**
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS		**10.856,19**	**59.832,89**
19. Imposto sobre beneficios	12	**0,00**	**0,00**
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECONOCIDO NO EXCEDENTE DO EXERCICIO		**10.856,19**	**59.832,89**
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE A PATRIMONIO			
1. Subvencións recibidas		**126.606,78**	**141.736,20**
2. Doazóns e legados recibidos		**8.422,65**	**26.253,58**
3. Outros ingresos e gastos			
4. Efecto impositivo			
B.1) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO		**135.029,43**	**167.989,78**
C) RECLASIFICACIÓN AO EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Subvencións recibidas		**-171.378,96**	**-157.803,90**
2. Doazóns e legados recibidos		**-8.422,65**	**-26.253,58**
3. Outros ingresos e gastos			
4. Efecto impositivo			
C.1) VARIACIÓNS DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIÓNS AO EXCEDENTE DO EXERCICIO		**-179.801,61**	**-184.057,48**
D) VARIACIÓNS DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTO NO PATRIMONIO NETO(B.1+C.1)		**-44.772,18**	**-16.067,70**
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS			
F) AXUSTES POR ERROS		**-279,44**	**13.476,76**
G) VARIACIÓNS NA DOTACIÓN FUNDACIONAL OU FONDO SOCIAL			
H) OUTRAS VARIACIÓNS			
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO.		**-34.195,43**	**57.241,95**

As notas que se achegan na memoria forman parte desta Conta de Resultados

Anexo 1.1

ASOCIACIÓN MISELA
BALANCE ABREVIADO DE PEME SFL AO PECHE DO EXERCICIO 2025

ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	2025	2024	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	2025	2024
A) ACTIVO NON CORRENTE		**704.497,32**	**726.812,83**	**A) PATRIMONIO NETO**		**946.377,21**	**980.572,64**
I. Inmobilizado Intanxible	5	**2.599,76**	**3.960,68**	**A-1) Fondos propios**	11	**313.715,33**	**303.138,58**
II. Bens do Patrimonio Histórico				**I. Dotación fundacional/Fondo Social**		**302.859,14**	**243.305,69**
III. Inmobilizado Material	5	**701.897,56**	**722.852,15**	1. Dotación fundacional/Fondo Social		302.859,14	243.305,69
IV.Inversións inmobiliarias.				**I I. Reservas.**		**0,00**	**0,00**
V. Inversión en entidades do grupo e asociadas a L/P				**III. Excedentes de exercicios anteriores**			
VI. Inversións financeiras a L/P.				**IV. Excedentes do exercicio**	3	**10.856,19**	**59.832,89**
VII. Activos por imposto diferido.				**A-2) Axustes por cambios de valor.**			
				A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	14	**632.661,88**	**677.434,06**
B) ACTIVO CORRENTE		**306.256,78**	**314.531,34**	**B) PASIVO NON CORRENTE**		**0,00**	**0,00**
				I. Provisións a L/P.		**0,00**	**0,00**
I.Existencias				**II. Débedas a L/P.**		**0,00**	**0,00**
II.Usuarios e outros debedores da actividade propia	7 16	**21.409,86**	**46.932,47**	**III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a L/P.**		**0,00**	**0,00**
III.Debedores comerciais e outras contas a cobrar	9 16	**116.505,75**	**134.043,25**	**IV. Pasivos por imposto diferido**		**0,00**	**0,00**
IV. Inversións en entidades do grupo e asociadas a C/P.				**V. Periodificacións a L/P.**		**0,00**	**0,00**
V. Inversións financeiras a C/P.				**C) PASIVO CORRENTE**		**64.376,89**	**60.771,53**
VI. Periodificacións a C/P.	9	**5.326,49**	**4.649,78**	**I. Provisións a C/P.**			
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		**163.014,68**	**128.905,84**	**II. Débedas a C/P.**	10	**41.569,11**	**44.592,45**
				3. Outras débedas a C/P		41.569,11	44.592,45
				III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a C/P.			
				IV. Beneficiarios - Acredores.	8		
				V. Acredores comerciais e outras contas a C/P.	10 16	**22.807,78**	**16.179,08**
				1. Proveedores		4.260,71	2.163,86
				2. Outros acredores		18.547,07	14.015,22
				VI. Periodifciacións a C/P.			
TOTAL ACTIVO (A + B)		**1.010.754,10**	**1.041.344,17**	**TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)**		**1.010.754,10**	**1.041.344,17**

As notas que se achegan na memoria forman parte deste balance

Entidade Declarada de Utilidade Pública
DOG nº 236 de 10 decembro 2010
Prestación de servizos a persoas
con discapacidade no medio rural